Se chamamos *s* á concentración en moles/dm³ de Pb(OH)₂ que se dissolve, podemos escribir:

		Pb(OH) ₂	⇌	Pb ²⁺	(OH) ⁻	
[] _{eq}	Concentración no equilibrio			<i>s</i>	2 <i>s</i>	mol/dm ³

Sabendo que pOH = -log[OH⁻] e que pH + pOH = pK_w = 14,00, (a 25 °C) queda

$$\text{pOH} = 14,00 - 9,90 = 4,10$$

$$[\text{OH}^{-}] = 10^{-4,10} = 7,9 \times 10^{-5} \text{ mol/dm}^3$$

$$s = [\text{OH}^{-}] / 2 = 4,0 \times 10^{-5} \text{ mol/dm}^3$$

(Ao dar o pH = 9,90 con dous decimais, a concentración de ións hidróxido ten dúas cifras significativas)

b) A constante de equilibrio K_s é:

$$K_s = [\text{Pb}^{2+}] [\text{OH}^{-}]^2 = s (2s)^2 = 4 s^3 = 2,5 \times 10^{-13}$$

14. Tense unha disolución acuosa de tetraoxocromato(VI) de potasio [cromato de potasio] e de cloruro de sodio, a unhas concentracións de 0,1 mol/dm³ e 0,05 mol/dm³, respectivamente. Engádense unha disolución de trioxonitrato(V) de prata [nitrato de prata]. Supondo que o volume non varía:

a) **Determina, mediante os cálculos pertinentes, cal dos dous sales de prata precipitará en primeiro lugar.**

b) **Calcula a concentración do aniión do sal máis insoluble ao comezar a precipitar o sal que precipita en segundo lugar.**

Datos: Constantes do produto de solubilidad a 25 °C do cromato de prata e do cloruro de prata, respectivamente: 2,0×10⁻¹² e 1,7×10⁻¹⁰.

(P.A.U. Xuño 00)

Rta.: a) AgCl; b) [Cl⁻] = 3,8×10⁻⁵ mol/dm³

Datos

Produto de solubilidad do AgCl

Cifras significativas: 2K_s (AgCl) = 1,7×10⁻¹⁰Produto de solubilidad do Ag₂CrO₄K_s (Ag₂CrO₄) = 2,0×10⁻¹²Concentración do K₂CrO₄[K₂CrO₄]₀ = 0,10 mol/dm³

Concentración do NaCl

[NaCl]₀ = 0,050 mol/dm³

Incógnitas

Cal dos dous sales de prata precipitará en primeiro lugar

Concentración do anión do sal máis insoluble ao comezar a precipitar o sal que precipita en segundo lugar

Ecuacións

Produto de solubilidade do equilibrio: $B_b A_a (s) \rightleftharpoons b B^{a+} (aq) + a A^{b-} (aq)$ $K_s = [A^{b-}]^a [B^{a+}]^b$

Solución:

a) O equilibrio de solubilidade do cloruro de prata é



Formarase precipitado de AgCl cando:

$$Q_1 = [\text{Ag}^+][\text{Cl}^-] > K_s(\text{AgCl})$$

$$[\text{Ag}^+]_1 > \frac{K_s(\text{AgCl})}{[\text{Cl}^-]} = \frac{1,7 \times 10^{-10}}{0,050} = 3,4 \times 10^{-9} \text{ mol/dm}^3$$

O equilibrio de solubilidade do cromato de prata é



Formarase precipitado de Ag_2CrO_4 cando:

$$Q_2 = [\text{Ag}^+]^2[\text{CrO}_4^{2-}] > K_s(\text{Ag}_2\text{CrO}_4)$$

$$[\text{Ag}^+]_2 > \sqrt{\frac{K_s(\text{Ag}_2\text{CrO}_4)}{[\text{CrO}_4^{2-}]}} = \sqrt{\frac{2,0 \times 10^{-12}}{0,10}} = 4,5 \times 10^{-6} \text{ mol/dm}^3$$





Como $[\text{Ag}^+]_1 < [\text{Ag}^+]_2$, precipitará primeiro o cloruro de prata.

b) Cando comeza a precipitar o sal que precipita en segundo lugar (o cromato de prata), a concentración do anión (Cl^-) do sal máis insoluble (AgCl) é:

$$[\text{Cl}^-]_2 = K_s(\text{AgCl}) / [\text{Ag}^+]_2 = 1,7 \times 10^{-10} / 4,5 \times 10^{-6} = 3,8 \times 10^{-5} \text{ mol/dm}^3$$

▮ CUESTIÓN**● FASE GAS**

1. Escriba a expresión da constante de equilibrio (axustando antes as reaccións) para os seguintes casos:







(P.A.U. Set. 04)

$$\text{Rta.: } K_a = \frac{[\text{H}_2]}{[\text{H}_2\text{O}]} \quad K_b = \frac{[\text{NH}_3]^2}{[\text{H}_2]^3[\text{N}_2]} \quad K_c = \frac{[\text{CO}_2]}{[\text{O}_2]} \quad K_d = \frac{1}{[\text{H}_2]}$$

2.

a) Escriba a expresión de K_c e K_p para cada un dos seguintes equilibrios:



b) Indique, de xeito razoado, en que casos K_c coincide con K_p .


(P.A.U. Xuño 11)

Solución:

a)

Equilibrio	K_c	K_p	Δn (gas)
$\text{CO (g)} + \text{H}_2\text{O (g)} \rightleftharpoons \text{CO}_2 \text{ (g)} + \text{H}_2 \text{ (g)}$	$K_c = \frac{[\text{CO}_2]_e [\text{H}_2]_e}{[\text{CO}]_e [\text{H}_2\text{O}]_e}$	$K_p = \frac{P_e(\text{CO}_2) P_e(\text{H}_2)}{P_e(\text{CO}) P_e(\text{H}_2\text{O})}$	$1 + 1 - 1 - 1 = 0$
$\text{CO (g)} + 2 \text{H}_2 \text{ (g)} \rightleftharpoons \text{CH}_3\text{OH (g)}$	$K_c = \frac{[\text{CH}_3\text{OH}]_e}{[\text{CO}]_e [\text{H}_2]_e^2}$	$K_p = \frac{P_e(\text{CH}_3\text{OH})}{P_e(\text{CO}) P_e^2(\text{H}_2)}$	$1 - 1 - 2 = -2$
$2 \text{SO}_2 \text{ (g)} + \text{O}_2 \text{ (g)} \rightleftharpoons 2 \text{SO}_3 \text{ (g)}$	$K_c = \frac{[\text{SO}_3]_e^2}{[\text{SO}_2]_e^2 [\text{O}_2]_e}$	$K_p = \frac{P_e^2(\text{SO}_3)}{P_e^2(\text{SO}_2) P_e(\text{O}_2)}$	$2 - 2 - 1 = -1$
$\text{CO}_2 \text{ (g)} + \text{C (s)} \rightleftharpoons 2 \text{CO (g)}$	$K_c = \frac{[\text{CO}]_e^2}{[\text{CO}_2]_e}$	$K_p = \frac{P_e^2(\text{CO})}{P_e(\text{CO}_2)}$	$2 - 1 = 1$

b) Nunha reacción xeral como:



a constante de equilibrio K_p pódese expresar por:

$$K_p = \frac{P_c^c P_d^d}{P_A^a P_B^b}$$

Supondo comportamento ideal para os gases, a presión parcial dun gas i pódese substituír por

$$P_i = \frac{n_i \cdot R \cdot T}{V} = [i] \cdot R \cdot T$$

quedando

$$K_p = \frac{P_c^c P_d^d}{P_A^a P_B^b} = \frac{[C]^c (R \cdot T)^c \cdot [D]^d (R \cdot T)^d}{[A]^a (R \cdot T)^a \cdot [B]^b (R \cdot T)^b} = \frac{[C]^c \cdot [D]^d}{[A]^a \cdot [B]^b} (R \cdot T)^{(c+d-a-b)} = K_c (R \cdot T)^{\Delta n}$$

Naqueles casos que Δn (gas) fose nulo, $K_p = K_c$. Só se cumpriría no primeiro caso deste exercicio.

3. Para o sistema gasoso en equilibrio $\text{N}_2\text{O}_3 \text{ (g)} \rightleftharpoons \text{NO (g)} + \text{NO}_2 \text{ (g)}$, como afectaría a adición de NO (g) ao sistema en equilibrio? Razoe a resposta.

(P.A.U. Xuño 06)

Rta.: ←

Solución:

A constante de equilibrio só depende da temperatura. Non varía ao engadir NO ao sistema.

$$K_c = \frac{[\text{NO}][\text{NO}_2]}{[\text{N}_2\text{O}_3]}$$

Se a concentración de monóxido de nitróxeno aumenta, para que K_c permaneza constante, ou ben o numerador $[\text{NO}_2]$ diminúa, ou ben o denominador $[\text{N}_2\text{O}_3]$ aumenta.

O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis N_2O_3 e menos NO_2 .

Historicamente, o principio de Le Chatelier di que ao variar algún factor o equilibrio desprázase no sentido de contrarrestar esa variación.

4. Considerando a reacción: $2 \text{SO}_2 \text{ (g)} + \text{O}_2 \text{ (g)} \rightleftharpoons 2 \text{SO}_3 \text{ (g)}$, razoe si as afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a) Un aumento da presión conduce a unha maior produción de SO_3 .
 b) Unha vez alcanzado o equilibrio, deixan de reaccionar as moléculas de SO_2 e O_2 entre si.
 c) O valor de K_p é superior ao de K_c á mesma temperatura.
 d) A expresión da constante de equilibrio K_p é: $K_p = \frac{P^2(\text{SO}_2) \cdot P(\text{O}_2)}{P^2(\text{SO}_3)}$

(P.A.U. Set. 11)

Rta.: a) V; b) F; c) F?; d) F

Solución:

a) Verdadeiro. A constante de equilibrio en función das presións pode escribirse así:

$$K_p = \frac{P^2(\text{SO}_3)}{P^2(\text{SO}_2) \cdot P(\text{O}_2)} = \frac{(\chi(\text{SO}_3) \cdot P_T)^2}{(\chi(\text{SO}_2) \cdot P_T)^2 \cdot \chi(\text{O}_2) \cdot P_T} = \frac{\chi^2(\text{SO}_3)}{\chi^2(\text{SO}_2) \cdot \chi(\text{O}_2)} \frac{1}{P_T}$$

onde χ (gas) é a fracción molar de cada gas e P_T é a presión total no interior do recipiente.

A constante de equilibrio só depende da temperatura. Non varía aínda que cambien as cantidades de reactivos ou produtos, o volume ou a presión.

No caso de aumentarse a presión total, para que K_p permaneza constante, ou ben deberá aumentar a fracción molar do SO_3 que aparece no numerador, ou ben diminuír a fracción molar de SO_2 e de O_2 no denominador. O equilibrio desprazarase (cara á dereita) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis SO_3 e menos SO_2 e O_2 .b) Falso. Nunha reacción reversible prodúcense os dous procesos indicados ao ler a ecuación química de esquerda a dereita e de dereita a esquerda. Neste caso a síntese e descomposición do trióxido de xofre. O equilibrio químico é un equilibrio dinámico. As moléculas individuais seguen chocando e reaccionado, pero as cantidades dos reactivos e produtos permanecen constantes porque a cantidade de moléculas de SO_3 que se produce nun instante é igual á de moléculas de SO_3 que se desintegra no mesmo tempo.c) Falso. A relación entre K_p e K_c é:

$$K_p = \frac{P^2(\text{SO}_3)}{P^2(\text{SO}_2) \cdot P(\text{O}_2)} = \frac{(n(\text{SO}_3) \cdot R \cdot T)^2}{(n(\text{SO}_2) \cdot R \cdot T)^2 \cdot n(\text{O}_2) \cdot R \cdot T} = \frac{n^2(\text{SO}_3)}{n^2(\text{SO}_2) \cdot n(\text{O}_2)} \frac{1}{R \cdot T} = \frac{K_c}{R \cdot T}$$

Si o denominador é maior que 1, $K_p < K_c$.

Para temperaturas absolutas superiores a

$$T = \frac{1}{0,082} = 12 \text{ K}$$

valor de K_p será inferior ao de K_c .(Ata 1982 a presión estándar era 1 atm e os valores das presións debían expresarse en atmosferas e a constante nas unidades apropiadas é $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1}$. Desde ese ano a presión estándar é de 1 bar = $10^5 \text{ Pa} = 0,987 \text{ atm}$ pero o valor da temperatura que se calcula é practicamente o mesmo)

d) Falso. A expresión correcta xa está escrita nos apartados a e c.

5. Considere o equilibrio: $\text{N}_2(\text{g}) + 3 \text{H}_2(\text{g}) \rightleftharpoons 2 \text{NH}_3(\text{g}) \quad \Delta H = -46 \text{ kJ} \cdot \text{mol}^{-1}$, razoe que lle acontece ao equilibrio se:

- a) Se engade hidróxeno.
 b) Se aumenta a temperatura.
 c) Se aumenta a presión diminuíndo o volume.
 d) Se retira nitróxeno.

(P.A.U. Set. 10)

Rta.: a) → b) ← c) → d) ←

Solución:

a, c e d) A constante de equilibrio en función das concentracións pode escribirse así:

$$K_C = \frac{[\text{NH}_3]_e^2}{[\text{N}_2]_e[\text{H}_2]_e^3} = \frac{\frac{n_{\text{NH}_3}^2}{V^2}}{\frac{n_{\text{N}_2}}{V} \frac{n_{\text{H}_2}^3}{V^3}} = \frac{n_{\text{NH}_3}^2}{n_{\text{N}_2} n_{\text{H}_2}^3} V^2$$

A constante de equilibrio só depende da temperatura. Non varía aínda que cambien as cantidades de reactivos ou produtos, ou diminúa o volume.

a) Se se engade hidróxeno, para que K_C permaneza constante, ou ben deberá aumentar o numerador n_{NH_3} , ou diminuír a cantidade de nitróxeno no denominador n_{N_2} . O equilibrio desprazarase (cara á dereita) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis NH_3 e menos N_2 .

c) Se o volume V diminúe, para que K_C permaneza constante, ou ben deberá diminuír o numerador n_{NH_3} , ou ben aumentar o denominador $n_{\text{N}_2} n_{\text{H}_2}^3$. O equilibrio desprazarase (cara á dereita) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis NH_3 e menos N_2 e H_2 .

d) Se se retira nitróxeno, para que K_C permaneza constante, ou ben deberá diminuír o numerador n_{NH_3} , ou ben aumentar a cantidade de hidróxeno no denominador n_{H_2} . O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis N_2 e H_2 e menos NH_3 .

b) A constante de equilibrio varía coa temperatura segundo a ecuación de Van't Hoff:

$$\ln \frac{K_1}{K_2} = \frac{-\Delta H^0}{R} \left(\frac{1}{T_1} - \frac{1}{T_2} \right)$$

Para unha reacción exotérmica ($\Delta H^0 < 0$), se $T_2 > T_1$:

$$1 / T_2 < 1 / T_1$$

$$\ln K_1 / K_2 > 0$$

$$K_1 > K_2$$

a constante diminúe ao aumentar a temperatura.

Se o volume non varía, da expresión da constante do apartado a), dedúcese que para que diminúa a constante debe diminuír o numerador n_{NH_3} , e/ou aumentar o denominador $n_{\text{N}_2} n_{\text{H}_2}^3$.

O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis N_2 e H_2 e menos NH_3 .

6. Para o sistema: $\text{Xe}(\text{g}) + 2 \text{F}_2(\text{g}) \rightleftharpoons \text{XeF}_4(\text{g})$, $\Delta H = -218 \text{ kJ}$. Indica razoadamente que efecto terá sobre a porcentaxe de conversión de $\text{Xe}(\text{g})$ en $\text{XeF}_4(\text{g})$:

- a) Aumentar o volume do recipiente.
- b) Engadir $\text{F}_2(\text{g})$.
- c) Diminuír a temperatura.
- d) Comprimir o sistema.

(P.A.U. Set. 96)

Rta.: a) ↓ ; b) ↑ ; c) ↑ ; d) ↑

Solución:

a) A constante de equilibrio só depende da temperatura. Non varía ao aumentar o volume.

$$K_C = \frac{[\text{XeF}_4]}{[\text{Xe}][\text{F}_2]^2} = \frac{\frac{n_{\text{XeF}_4}}{V}}{\frac{n_{\text{Xe}}}{V} \frac{n_{\text{F}_2}^2}{V^2}} = \frac{n_{\text{XeF}_4}}{n_{\text{Xe}} n_{\text{F}_2}^2} V^2$$

Se o volume V aumenta, para que K_C permaneza constante, ou ben o numerador n_{XeF_4} diminúe, ou ben o denominador $n_{\text{Xe}} n_{\text{F}_2}^2$ aumenta.

O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis Xe e F₂ e menos XeF₄, polo que a porcentaxe de conversión de Xe e F₂ en XeF₄ diminuirá.

b) Da expresión anterior, se se aumenta o denominador, $n_{F_2}^2$, sen variar o volume, para que K_C permaneza constante, ha de aumentar o numerador n_{XeF_4} .

O equilibrio desprazarase (cara á dereita) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis XeF₄ e menos Xe, polo que a porcentaxe de conversión de Xe e F₂ en XeF₄ aumentará.

c) A constante de equilibrio varía coa temperatura segundo a ecuación de Van't Hoff:

$$\ln \frac{K_1}{K_2} = \frac{-\Delta H^0}{R} \left(\frac{1}{T_1} - \frac{1}{T_2} \right)$$

Para unha reacción exotérmica ($\Delta H^0 < 0$). Se $T_2 < T_1$:

$$1 / T_2 > 1 / T_1$$

$$\ln K_1 / K_2 < 0$$

$$K_2 > K_1$$

a constante aumenta ao diminuír a temperatura.

Se o volume non varía, da expresión da constante do apartado a), dedúcese que para que aumente a constante debe aumentar o numerador x_{XeF_4} e/ou diminuír o denominador $x_{Xe} x_{F_2}^2$.

O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis Xe e F₂ e menos XeF₄, polo que a porcentaxe de conversión de Xe e F₂ en XeF₄ diminuirá.

d) Se por comprimir o sistema entendemos unha diminución de volume, o efecto é o oposto ao descrito no apartado a). Se o que quere indicar é un aumento de presión, escribimos a expresión da constante K_p ,

$$K_p = \frac{P_{XeF_4}}{P_{Xe} P_{F_2}^2} = \frac{x_{XeF_4} P_T}{x_{Xe} P_T x_{F_2}^2 P_T^2} = \frac{x_{XeF_4}}{x_{Xe} x_{F_2}^2} \frac{1}{P_T^2}$$

pondo as presións parciais en función das fraccións molares x e a presión total P_T ,

$$P_i = x_i P_T$$

Se a presión total P_T aumenta, para que a constante K_p non varíe, debe aumentar o numerador x_{XeF_4} e/ou diminuír o denominador $x_{Xe} x_{F_2}^2$.

O equilibrio desprazarase (cara á dereita) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis XeF₄ e menos Xe e menos F₂, polo que a porcentaxe de conversión de Xe e F₂ en XeF₄ aumentará.


7. Dado o seguinte equilibrio: $2HI(g) \rightleftharpoons H_2(g) + I_2(g)$, e tendo en conta que a reacción é endotérmica, indique razoadamente como afectará ao equilibrio as seguintes modificacións:

- Un aumento de presión.
- Unha diminución da temperatura.
- A adición de hidróxeno.
- A adición dun catalizador.

(P.A.U. Set. 00)

Rta.: a) Non; b) ← ; c) ← ;) Non.

8. Nun matraz de 1 dm³ atópanse, en estado gasoso e a unha temperatura dada, hidróxeno, bromo e bromuro de hidróxeno, e en equilibrio, correspondente á reacción:



Indique como afectarían os seguintes cambios á situación de equilibrio e á constante de equilibrio:

- Un aumento de temperatura.
- Un aumento da presión parcial do HBr.
- Un aumento do volume do recipiente.

(P.A.U. Xuño 01)

Rta.: a) ← ; $K \downarrow$; b) ← ; K non varía; c) Non; K non varía.


9. Nunha reacción $A + B \rightleftharpoons AB$, en fase gasosa, a constante K_p vale 4,3 á temperatura de 250 °C e ten un valor de 1,8 a 275 °C.

- Enuncie o principio de Le Chatelier.
- Razoe se devandita reacción é exotérmica ou endotérmica.
- En que sentido desprazarase o equilibrio ao aumentar a temperatura.

(P.A.U. Xuño 04)

Rta.: a) Ao $\uparrow T$, maior descomposición; b) Endotérmica; c) Maior a descomposición

10. Tendo en conta que a oxidación da glicosa é un proceso exotérmico,



Indicar o desprazamento do equilibrio se levamos a cabo as seguintes modificacións:

- Aumento da concentración de CO_2 .
- Diminución á metade da concentración de glicosa.
- Aumento da presión.
- Aumento da temperatura.

(P.A.U. Set. 03)

Rta.: a) \leftarrow ; b) Non afecta ; c) \leftarrow ; d) \leftarrow

11. Dado o seguinte equilibrio $H_2S (g) \rightleftharpoons H_2 (g) + S (s)$ indique se a concentración de sulfuro de hidróxeno aumentará, diminuirá ou non se modificará se:

- Se engade $H_2 (g)$
- Diminúe o volume do recipiente.

(P.A.U. Set. 07)

Rta.: a) Aumenta, para manter o mesmo valor da constante: $K_c = [H_2] / [H_2S] = n(H_2) / n(H_2S)$

b) Aumenta a concentración. Non varía a cantidade $n(H_2S)$ de gas pero diminúe o volume.

12. Se consideramos a disociación do PCl_5 dada pola ecuación: $PCl_5 (g) \rightleftharpoons PCl_3 (g) + Cl_2 (g)$; $\Delta H < 0$ Indique razoadamente que lle ocorre ao equilibrio:

- Ao aumentar a presión sobre o sistema sen variar a temperatura.
- Ao diminuír a temperatura.
- Ao engadir cloro.

(P.A.U. Xuño 09)

Rta.: a) \leftarrow ; b) \rightarrow ; c) \leftarrow

Solución:

a) A constante de equilibrio só depende da temperatura. Non varía ao aumentar a presión.

$$K_p = \frac{P(Cl_2) \cdot P(PCl_3)}{P(PCl_5)} = \frac{x(Cl_2)P_T \cdot x(PCl_3)P_T}{x(PCl_5)P_T} = \frac{x(Cl_2) \cdot x(PCl_3)}{x(PCl_5)} \cdot P_T$$

Para que K_p permaneza constante ao aumentar a presión total P_T , o numerador $n(Cl_2) \cdot n(PCl_3)$ debe diminuír e o denominador $n(PCl_5)$ debe aumentar.

O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar un novo estado de equilibrio no que haberá máis PCl_5 e menos PCl_3 e Cl_2

b) A constante de equilibrio varía coa temperatura segundo a ecuación de Van't Hoff:

$$\ln \frac{K_1}{K_2} = \frac{-\Delta H^0}{R} \left(\frac{1}{T_1} - \frac{1}{T_2} \right)$$

Unha diminución de temperatura favorece o sentido exotérmico. Se $T_2 < T_1$:

$$\frac{1}{T_2} > \frac{1}{T_1} \Rightarrow \left(\frac{1}{T_1} - \frac{1}{T_2} \right) < 0$$

Para unha reacción exotérmica ($\Delta H^0 < 0$)

$$-\Delta H^0 > 0 \Rightarrow \ln K_1 / K_2 = (+) \cdot (-) < 0$$

$$K_2 > K_1$$

a constante aumenta ao diminuír a temperatura.

Da expresión de K_c

$$K_c = \frac{[\text{Cl}_2] \cdot [\text{PCl}_3]}{[\text{PCl}_5]} = \frac{\frac{n(\text{Cl}_2)}{V} \cdot \frac{n(\text{PCl}_3)}{V}}{\frac{n(\text{PCl}_5)}{V}} = \frac{n(\text{Cl}_2) \cdot n(\text{PCl}_3)}{n(\text{PCl}_5)} \cdot \frac{1}{V}$$

Se o volume permanece constante, para que aumente o valor de K_c deberá aumentar a cantidade de Cl_2 ou PCl_3 e diminuír a cantidade de PCl_5 .

O equilibrio desprazarase (cara á dereita) ata alcanzar un novo estado de equilibrio no que haberá menos PCl_5 e máis PCl_3 e Cl_2

c) Da expresión de K_c

$$K_c = \frac{[\text{Cl}_2] \cdot [\text{PCl}_3]}{[\text{PCl}_5]}$$

Se aumenta a cantidade (e concentración) de Cl_2 , para que K_c permaneza constante, deberá diminuír a cantidade de PCl_3 e aumentar a cantidade de PCl_5 .

O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar un novo estado de equilibrio no que haberá máis PCl_5 e menos PCl_3

13. Para a seguinte reacción: $2 \text{NaHCO}_3 (\text{s}) \rightleftharpoons 2 \text{Na}_2\text{CO}_3 (\text{s}) + \text{CO}_2 (\text{g}) + \text{H}_2\text{O} (\text{g}) \Delta H < 0$

a) Escriba a expresión para a constante de equilibrio K_p en función das presións parciais.

b) Razoe como afecta ao equilibrio un aumento de temperatura.

(P.A.U. Xuño 13)

Rta.: a) $K_p = P(\text{CO}_2(\text{g})) \cdot P(\text{H}_2\text{O}(\text{g}))$ b) ←

Solución:

a) A constante de equilibrio en función das presións parciais é:

$$K_p = P(\text{CO}_2(\text{g})) \cdot P(\text{H}_2\text{O}(\text{g}))$$

xa que os sólidos non exercen presión.

b) A constante de equilibrio varía coa temperatura segundo a ecuación de Van't Hoff:

$$\ln \frac{K_1}{K_2} = \frac{-\Delta H^0}{R} \left(\frac{1}{T_1} - \frac{1}{T_2} \right)$$

Un aumento de temperatura favorece o sentido endotérmico. Si $T_2 > T_1$:

$$\frac{1}{T_1} > \frac{1}{T_2} \Rightarrow \left(\frac{1}{T_1} - \frac{1}{T_2} \right) > 0$$

Para unha reacción exotérmica ($\Delta H^0 < 0$):

$$-\Delta H^0 > 0 \Rightarrow \ln K_1 / K_2 = (+) \cdot (+) > 0$$

$$K_2 < K_1$$

a constante diminúe ao aumentar a temperatura, e o equilibrio desprázase cara á esquerda. A unha temperatura maior alcánzase un novo estado de equilibrio con menor cantidade de CO_2 e H_2O en fase gas.

14. Explica razoadamente o efecto sobre o equilibrio: $2 \text{C} (\text{s}) + \text{O}_2 (\text{g}) \rightleftharpoons 2 \text{CO} (\text{g}) \Delta H^0 = -221 \text{ kJ} \cdot \text{mol}^{-1}$,

a) Si engádese CO .

b) Si engádese C .

c) Si elévase a temperatura.

d) Si aumenta a presión.

(P.A.U. Set. 13)

Rta.: a) ←; b) ningún; c) ←; d) ←

Solución:

a, b e d) A constante de equilibrio en función das concentracións pode escribirse así:

$$K_c = \frac{[\text{CO}]^2}{[\text{O}_2]} = \frac{\left(\frac{n(\text{CO})}{V}\right)^2}{\left(\frac{n(\text{O}_2)}{V}\right)} = \frac{n^2(\text{CO})}{n(\text{O}_2)} \cdot \frac{1}{V}$$

A constante de equilibrio só depende da temperatura. Non varía aínda que cambien as cantidades de reactivos ou produtos, ou aumente a presión.

a) Si engádesse monóxido de carbono sen variar o volume, deberá aumentar a cantidade de osíxeno no denominador para que o valor da constante non varíe. O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis O_2 e menos CO.

b) A concentración ou presión de sólidos non aparece na expresión da constante de equilibrio. Calquera variación non afectará ao resto de cantidades no equilibrio.

d) A constante de equilibrio en función das das presións pode escribirse así:

$$K_p = \frac{P^2(\text{CO})}{P(\text{O}_2)} = \frac{(\chi(\text{CO}) \cdot P_T)^2}{\chi(\text{O}_2) \cdot P_T} = \frac{\chi^2(\text{CO})}{\chi(\text{O}_2)} P_T$$

A constante de equilibrio só depende da temperatura. Non varía aínda que cambien as cantidades de reactivos ou produtos, ou aumente a presión.

Si aumenta a presión, para que K_p permaneza constante, ou ben deberá aumentar o denominador $\chi(\text{O}_2)$, ou diminuír a cantidade de monóxido de carbono no numerador $\chi(\text{CO})$. O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis O_2 e menos CO.

c) A constante de equilibrio varía coa temperatura segundo a ecuación de Van't Hoff:

$$\ln \frac{K_1}{K_2} = \frac{-\Delta H^0}{R} \left(\frac{1}{T_1} - \frac{1}{T_2} \right)$$

Para unha reacción exotérmica ($\Delta H^0 < 0$), si $T_2 > T_1$:

$$1 / T_2 < 1 / T_1$$

$$\ln K_1 / K_2 > 0$$

$$K_1 > K_2$$

a constante diminúe ao aumentar a temperatura.

Si o volume non varía, da expresión da constante do apartado a), dedúcese que para que diminúa a constante debe diminuír o numerador $n(\text{CO})$, e/ou aumentar o denominador $n(\text{O}_2)$

O equilibrio desprazarase (cara á esquerda) ata alcanzar unha novo estado de equilibrio no que haberá máis O_2 e menos CO.

● SOLUBILIDADE

1. Ponse nun vaso con auga certa cantidade dun sal pouco soluble, de fórmula xeral AB_3 , e non se dissolve completamente. O produto de solubilidade do sal é K_s .

a) Deduza a expresión que relaciona a concentración de A^{3+} co produto de solubilidade do sal.



b) A continuación introdúcese no vaso unha cantidade dun sal soluble CB_2 . Que variación produce na solubilidade do sal AB_3 ?

(P.A.U. Xuño 05)

Rta.: a) $K_s = 27 [A^{3+}]^4$ b) ↓

Solución:


a) Chámase s á solubidade (concentración da disolución saturada).
A ecuación do equilibrio pode escribirse:




A constante de equilibrio ou produto de solubidade é:

$$K_s = [A^{3+}][B^-]^3 = s (3 s)^3 = 27 s^4 = 27 [A^{3+}]^4$$

b) A solubidade do sal AB_3 será menor que antes por efecto do ión común.
O sal CB_2 soluble se disociará totalmente:



o que produce un aumento na concentración do ión B^- na disolución.
Isto provocará un desprazamento do equilibrio



cara á formación do sal sólido, xa que na expresión do produto de solubidade,

$$K_s = [A^{3+}][B^-]^3$$

un aumento na concentración do ión B^- terá que ser compensada cunha diminución na concentración do ión A^{3+} para manter constante o valor do produto de solubidade, que é unha constante de equilibrio que só cambia coa temperatura.



É dicir, o sal estará menos disociada e a solubidade será menor.

(Se houbese que realizar o cálculo, sería conveniente usar a situación equivalente de intentar disolver o sal $AB_3 (s)$ nunha disolución que contén unha cantidade n de CB_2 no volume V de disolución da disolución orixinal.

A concentración c de CB_2 será:

$$c = [CB_2] = n / V$$

Ao ser CB_2 un sal soluble, estará totalmente disociada:



Como hai unha concentración do ión B^- (efecto do ión común), a solubidade do sal AB_3 será menor.

	Concentración	AB_3	\square	$3 B^-$	A^{3+}	
[] ₀	inicial			$2 c$	0	mol/dm ³
[] _d	reacciona ou se forma	s_b	→	$3 s_b$	s_b	mol/dm ³
[] _{eq}	no equilibrio			$3 s_b + 2 c$	s_b	mol/dm ³

$$K_s = [A^{3+}][B^-]^3 = s_b (3 s_b + 2 c)^3$$

A solución desta ecuación faríase por métodos de aproximación)

2. Dispónse dunha disolución saturada de cloruro de prata en auga. Indique *razoadamente*, que sucedería se a esta disolución:


- a) Engádenselle 2 g de NaCl.
- b) Engádenselle 10 cm³ de auga.

(P.A.U. Set. 08)


Rta.: a) Precipita b) ↓ [NaCl]

Solución:

a) A solubilidade diminuiría polo efecto do ión común.
O cloruro de sodio é un electrolito forte que, en disolucións diluídas, está totalmente dissociado.



O cloruro de prata é un sal sae pouco soluble. O sólido atópase en equilibrio cos ións disoltos



Ao engadir NaCl, que se dissolve totalmente, o equilibrio desprázase, seguindo a lei de Le Chatelier, no sentido de consumir o ión cloruro extra e de formar maior cantidade de precipitado, deixando menos ións prata na disolución.

Se non había sólido en equilibrio coa disolución saturada, formaríase un precipitado de cloruro de prata.

b) Se hai sólido en equilibrio coa disolución saturada, parte do sólido disólvese ata acadar o novo equilibrio. A solubilidade manteríase, pero se disolvería máis cantidade do cloruro de prata sólido, xa que ao haber máis volume de disolución, habería máis cantidade de soluto disolto.

Se non hai sólido en equilibrio coa disolución saturada, a concentración da disolución diminuiría.



- 3. a) Exprese a relación que existe entre a solubilidade e o produto de solubilidade para o ioduro de chumbo(II).
b) Se se dispón dunha disolución saturada de carbonato de calcio [trioxocarbonato(IV) de calcio] en equilibrio co seu sólido, como se verá modificada a solubilidade do precipitado ao engadirle carbonato de sodio [trioxocarbonato(IV) de sodio]? Razoe as respostas.**

(P.A.U. Xuño 09)

Rta.: a) $s = \sqrt[3]{K_s/4}$ b) ↓

Solución:

a) Chámase s á solubilidade (concentración da disolución saturada).
A ecuación do equilibrio pode escribirse:




A constante de equilibrio ou produto de solubilidade é:


$$K_s = [\text{Pb}^{2+}][\text{I}^-]^2 = s(2s)^2 = 4s^3$$

$$s = \sqrt[3]{\frac{K_s}{4}}$$

b) A solubilidade do CaCO_3 será menor que antes por efecto do ión común.
O Na_2CO_3 soluble dissociarase totalmente:



o que produce un aumento na concentración do ión CO_3^{2-} na disolución.
Isto provocará un desprazamento do equilibrio



para á formación do sal sólido, xa que na expresión do produto de solubilidade,

$$K_s = [\text{Ca}^{2+}][\text{CO}_3^{2-}]$$

un aumento na concentración do ión CO_3^{2-} terá que ser compensada cunha diminución na concentración do ión Ca^{2+} para manter constante o valor do produto de solubilidade, que é unha constante de equilibrio que só cambia coa temperatura.

É dicir, o sal estará menos dissociada e a solubilidade será menor.

4. Como é coñecido, o ión prata precipita con ións Cl^- , I^- e CrO_4^{2-} , cos seguintes datos:

$$K_{\text{ps}}(\text{AgCl}) = 1,7 \times 10^{-10}; K_{\text{ps}}(\text{Ag}_2\text{CrO}_4) = 1,1 \times 10^{-12} \text{ e } K_{\text{ps}}(\text{AgI}) = 8,5 \times 10^{-17}$$




a) Explique razoadamente o que sucederá se se engade unha disolución acuosa de nitrato de prata lentamente, a unha disolución acuosa que contén os tres aniións á mesma concentración.

b) Indique os equilibrios e as expresións da constante do produto de solubilidade para cada unha das reaccións entre o aniión e o ión prata.

(P.A.U. Xuño 10)

Solución:

As ecuacións de equilibrio son:



Para unha determinada concentración « c » de ión prata, a concentración de cada aniión cando comece a precipitar o sal correspondente é:

$$[\text{Cl}^-]_{\text{p}} = \frac{K_{\text{ps}}(\text{AgCl})}{[\text{Ag}^+]} = \frac{1,7 \times 10^{-10}}{c}$$

$$[\text{I}^-]_{\text{p}} = \frac{K_{\text{ps}}(\text{AgI})}{[\text{Ag}^+]} = \frac{8,5 \times 10^{-17}}{c}$$

$$[\text{CrO}_4^{2-}]_{\text{p}} = \frac{K_{\text{ps}}(\text{Ag}_2\text{CrO}_4)}{[\text{Ag}^+]^2} = \frac{1,1 \times 10^{-12}}{c^2}$$

Ao engadir lentamente a disolución que contén os tres aniións, as concentracións deles serán moi pequenas e irán aumentando. O aniión que primeiro acade a concentración necesaria será o que produza o primeiro precipitado.

Para calquera concentración de ión prata, a concentración necesaria de ión ioduro será sempre menor que a de ión cloruro.

$$[\text{I}^-]_{\text{p}} < [\text{Cl}^-]_{\text{p}}$$

Polo tanto o ioduro de prata precipitará antes que o cloruro de prata.

O ioduro de prata tamén precipitará antes que o cromato de prata sempre que a concentración de ión prata c sexa menor que $1,1 \times 10^{-12} / 8,5 \times 10^{-17} = 1,3 \times 10^4 \text{ mol} \cdot \text{dm}^{-3}$. Ese valor é tan elevado que a condición cumprírase sempre

$$[\text{I}^-]_{\text{p}} < [\text{CrO}_4^{2-}]_{\text{p}}$$

Precipitará en primeiro lugar o AgI.

A medida que vai precipitando AgI, a concentracións de ión Ag^+ vai diminuindo. Tamén diminúe a de ión ioduro, pero vaise compensando en parte pola adición da disolución que contén os tres aniións.

Cando a concentración de ión prata « c » quede por baixo de $1,1 \times 10^{-12} / 1,7 \times 10^{-10} = 6,5 \times 10^{-3} \text{ mol} \cdot \text{dm}^{-3}$, a concentración de ión cloruro necesaria para que precipite o cloruro de prata é menor que a de ión cromato.

$$[\text{Cl}^-]_{\text{p}} < [\text{CrO}_4^{2-}]_{\text{p}}$$

Cando se esgote o ión ioduro (ou máis exactamente cando a concentración de ión ioduro quede por baixo de $8,5 \times 10^{-17} / c$) o que precipitará será AgCl.

Só ao final, cando xa non quede nin ión cloruro nin ión ioduro, se aínda hai ión prata, acabará precipitando o cromato de prata.

LABORATORIO

● REACCIÓNS DE PRECIPITACIÓN


1. Para que serve un funil büchner? E un matraz kitasato? Fai un esquema de montaxe para a utilización de ambos. 7

(P.A.U. Set. 11, Xuño 96)

Solución:

Para realizar unha filtración ao baleiro. Colócase o papel de filtro no interior do funil büchner, axústase á boca dun matraz kitasato e conéctase a unha trompa de baleiro.

Vértese sobre o funil büchner a disolución co precipitado, e recóllese este sobre o papel de filtro



2. Para que se emprega no laboratorio un matraz kitasato? Fai un esquema dunha montaxe no que se demostre a súa utilización. Nomea tamén o resto dos elementos desa montaxe.

(P.A.U. Xuño 98)

Solución: Véxase o exercicio de [Xuño 96](#).

3. Debuxe, esquematicamente, un funil büchner, un matraz kitasato, un matraz erlenmeyer e un matraz aforado. Explique para que serve cada un deles. Dous deles axústanse para poder utilizalos nunha operación de laboratorio. Diga cales e en que operación. Debuxe o esquema correspondente.


(P.A.U. Xuño 00)

Solución: Véxase o exercicio de [Xuño 96](#).

4. Mestúranse 25,0 cm³ dunha disolución de CaCl₂ de concentración 0,02 mol/dm³ e 25,0 cm³ dunha disolución de Na₂CO₃ de concentración 0,03 mol/dm³.


- a) Indique o precipitado que se obtén e a reacción química que ten lugar.
b) Describa o material e o procedemento empregado para a súa separación.

(P.A.U. Set. 08)



Solución:

Prodúcese a reacción de precipitación:



e obtense un precipitado de carbonato de calcio.


Colócase un papel de filtro circular nun funil büchner axustándoo para non deixar orificios libres e humedécese con auga para que queda adherido.

Axústase o funil büchner sobre un matraz kitasato e o o saínte lateral do kitasato conéctase a unha trompa de baleiro.

Ábrese a billa e vértese o contido do vaso (precipitado e líquido sobrenadante) no funil. Bótase máis auga sobre o precipitado que aínda queda no vaso para levalo ao funil.

Cando xa non gotee máis auga no interior do kitasato, desencáixase o funil e péchase a billa.


Quítase o papel de filtro e déixase a secar un día ou dous.



- 5. Describa unha reacción de precipitación que realice no laboratorio. Debuxe o material e explique o modo de utilizalo. Escriba a reacción que ten lugar. Como calcularía o rendemento?**
(P.A.U. Xuño 01 e Set. 05)

Solución:

Realízase a reacción entre o cloruro de calcio CaCl_2 e o carbonato de sodio Na_2CO_3 .
Pesáronse 5,0 g de cloruro de calcio nunha balanza granataria sobre un vidro de reloxo e disolvéronse nunha cantidade de auga moi pequena nun vaso de precipitados, axitando cunha varilla de vidro.
Pesouse unha masa de carbonato de sodio maior que a calculada para a reacción e disolveuse tamén en pouca cantidade de auga noutro vaso de precipitados.
Quentouse a disolución de cloruro de calcio cun chisqueiro Bunsen e se envorcou a disolución de carbonato de sodio sobre ela, axitando a mestura cunha varilla de vidro. Logo deixouse arrefriar.
Produciuse a reacción de precipitación:



Colocouse un papel de filtro circular nun funil büchner axustándoo para non deixar orificios libres e humedeceuse con auga para que queda adherido.

Axustouse o funil büchner sobre un matraz kitasato e o saín-

te lateral do kitasato conectouse a unha trompa de baleiro. Abriuse a billa e verteuse o contido do vaso (precipitado e líquido sobrenadante) no funil. Botouse máis auga sobre o precipitado que aínda quedaba no vaso para levarlo ao funil.

Cando xa non goteaba máis auga no interior do kitasato, desencaixouse o funil e pechouse a billa.

Quitouse o papel de filtro e deixouse a secar un día ou dous.

Pesouse o precipitado sobre o papel de filtro. Restouse á masa que daba a balanza, a masa dun papel de filtro seco.

Para calcular o rendemento, calcúlase a cantidade esperada de CaCO_3 da reacción:

$$m(\text{CaCO}_3) = 5,0 \text{ g CaCl}_2 \cdot \frac{1 \text{ mol CaCl}_2}{110 \text{ g CaCl}_2} \cdot \frac{1 \text{ mol CaCO}_3}{1 \text{ mol CaCl}_2} \cdot \frac{100 \text{ g CaCO}_3}{1 \text{ mol CaCO}_3} = 5,5 \text{ g CaCO}_3$$

e divídese a cantidade obtida entre a esperada. Se se obtiveron 5,2 g de CaCO_3 , o rendemento sería:

$$\text{Rendemento} = \frac{5,2 \text{ g obtidos CaCO}_3}{5,5 \text{ g calculados CaCO}_3} = 0,94 = 94 \%$$

- 6. Que operacións poderíanse empregar no laboratorio para separar un precipitado dunha disolución que o contén? Descríbaas, debuxando os distintos tipos de material. Supoña que o precipitado é trioxocarbonato (IV) de calcio [carbonato de calcio], como disolvería dito precipitado? Razoe a resposta.**


(P.A.U. Xuño 02)

Solución:

Decantación, filtración por gravidade e filtración a baleiro.

A decantación consiste en envorcar suavemente o vaso de precipitados para que o líquido caia e quede no fondo do vaso o precipitado. Ten o risco de que parte do precipitado pode irse co líquido se non se ten coitado. Normalmente queda unha certa cantidade de líquido co precipitado, que haberá que eliminar por evaporación.


A filtración por gravidade consiste en colocar un papel de filtro sobre un funil cónico sobre un recipiente e verter o contido do vaso no funil. O precipitado quedará retido polo papel de filtro e o líquido atravesará. Se a cantidade é grande, pode levar moito tempo.






A filtración a baleiro consiste en envorcar o vaso de precipitados sobre un funil büchner que contén un papel de filtro que retén o precipitado. O funil büchner atópase encaixado sobre un matraz kitasato que está conectado a unha trompa sen carga. Esta, ao aspirar, aumenta a velocidade de fluxo do líquido a través do papel de filtro. Non hai risco de perda de precipitado. (Véxase o debuxo do büchner e o kitasato en xuño 96).

Para disolver un precipitado de carbonato de calcio débese usar un ácido.

O equilibrio de solubilidade do carbonato de calcio



verase desprazado pola presenza dos protóns H^+ do ácido, debido a que o ión carbonato é a base conxugada do ácido carbónico, que é un ácido débil. En realidade os equilibrios que hai que ter en conta, ademais do [1] xa escrito, son:



Cando se engade un ácido, os ións H^+ do ácido desprazan o equilibrio [3] cara á esquerda, aumentando a concentración do ión hidroxenocarbonato. O aumento da concentración de ión hidroxenocarbonato, xunto coa de ións hidróxeno desprazan o equilibrio [2] cara á esquerda, formando ácido carbónico que se descompón no equilibrio [4] en dióxido de carbono e auga (a adición dun ácido a un precipitado de carbonato de calcio produce efervescencia)

Como no equilibrio [2] consúmese ión carbonato, a concentración deste ión diminúe, e o equilibrio [1] desprázase cara á dereita para compensar a desaparición do ión carbonato, co que o carbonato de calcio vaise disolvendo.

(O que queda en disolución é o ión calcio xunto co anión do ácido empregado. Se este é ácido clorhídrico, quedará en disolución o ión calcio e o ión cloruro).

Esta disolución con ácido emprégase para limpar os restos de carbonato de calcio adheridos ás paredes do vaso onde se realizou a precipitación.

7. Dispondo no laboratorio de dicloruro de calcio e trioxocarbonato (IV) de sodio [carbonato de sodio], describa o procedemento adecuado para obter trioxocarbonato (IV) de calcio (II) [carbonato de calcio]. Explíqueo detalladamente, así como o material utilizado para o illamento de devandito composto.

(P.A.U. Set. 02)

Solución: Véxase o exercicio de [Xuño 01](#).

8. Describa detalladamente como obtería e separaría no laboratorio un precipitado de trioxocarbonato (IV) de calcio [carbonato de calcio]. Debuxe o material empregado. Como faría para disolver o precipitado?


(P.A.U. Set. 03)

9. Vertemos en dous tubos de ensaio disolucións de AgNO_3 , nun, e de NaCl no outro. Ao mesturar ambas as disolucións fórmase instantaneamente un precipitado que, pouco a pouco, vai sedimentando no fondo do tubo.

a) Escriba a reacción que ten lugar.


b) Describa o procedemento, indicando o material necesario, para separar e recoller o precipitado.

(P.A.U. Xuño 08, Xuño 06)




Solución:

A reacción é:



Se só escribimos a reacción iónica que ten lugar, será:



O precipitado é cloruro de prata, composto moi pouco soluble en auga.

Para separar o precipitado, fariase unha filtración ao baleiro, vertendo o contido do vaso sobre un funil büchner con papel de filtro encaixado nun matraz quitasato conectado a unha trompa de baleiro.

